

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

**2844** *Real decreto 117/2021, do 23 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 219/2001, do 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social.*

A disposición adicional segunda da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, crea o Consello para o Fomento da Economía Social como órgano asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social, integrado, a través do daquela Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, na Administración xeral do Estado, aínda que sen participar na estrutura xerárquica desta, e que actúa como un órgano de colaboración e coordinación do movemento asociativo e da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, a disposición derradeira quinta da citada Lei 27/1999, do 16 de xullo, establece que o Goberno, por proposta do daquela ministro de Traballo e Asuntos Sociais, poderá ditar normas para a aplicación e desenvolvemento da mencionada lei.

En virtude desta disposición derradeira, ditouse o Real decreto 219/2001, do 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social, para a aplicación do disposto na disposición adicional segunda, especialmente no concernente ao desenvolvemento daqueles aspectos que a lei se limita a enunciar e que requiren a súa concreción para a efectiva constitución e funcionamento do referido Consello.

Con posterioridade, a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, configurou un marco xurídico que supuxo o recoñecemento e mellorou a visibilidade da economía social, outorgándolle unha maior seguridade xurídica por medio das actuacións de definición da economía social e establecendo os principios que deben considerar as distintas entidades que a forman. O artigo 13 desta lei regula o Consello para o Fomento da Economía Social, órgano asesor e consultivo na materia, e indica que o seu funcionamento e composición serán obxecto de desenvolvemento regulamentario, e axustarase ao disposto sobre órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Ambas as leis se encontran actualmente derogadas pola Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, respectivamente.

Non obstante o anterior, a disposición transitoria primeira desta Lei 5/2011, do 29 de marzo, establece o réxime transitorio aplicable do Consello para o Fomento da Economía Social e indica que, até a entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario previsto nela, o Consello para o Fomento da Economía Social rexerese polo disposto na disposición adicional segunda da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

En atención ao exposto, modifícanse os artigos 1, 2, 3, 4, 8, 12 e 13, a disposición adicional única, que pasa a ser a disposición adicional primeira, e introdúcese unha disposición adicional segunda, relativa ao uso de linguaxe non sexista, así como a disposición derradeira primeira do Real decreto 219/2001, do 2 de marzo.

O presente real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, baixo os que deben actuar as administracións públicas no exercicio da potestade regulamentaria. A busca dunha maior axilidade na actuación deste órgano colexiado responde ao interese xeral de que sirva con idoneidade as súas funcións asesoras e consultivas do Goberno en materia de economía social, seguindo os principios de necesidade e eficacia.

En virtude do principio de proporcionalidade, o real decreto contén a regulación imprescindible para que o Consello para o Fomento da Economía Social cumpra cos obxectivos e coas funcións que ten encomendadas, e incorpora, así mesmo, o enfoque de xénero a través da composición equilibrada de mulleres e homes en toda á súa estrutura.

A adaptación aos requirimentos da Lei 5/2011, do 29 de marzo, que recolle o desenvolvemento regulamentario do funcionamento e da composición do Consello para o Fomento da Economía Social; da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en materia de emprego dunha linguaxe non sexista e de composición equilibrada de mulleres e homes; da Lei 40/2015, do 1 de outubro, en canto ao funcionamento dos órganos colexiados, e a adecuación á estrutura administrativa vixente reforzan o principio de seguridade xurídica.

En aplicación do principio de eficiencia, non se xeran cargas administrativas innecesarias ou accesorias, ao se racionalizar a xestión dos recursos públicos.

Durante o procedemento de elaboración da norma articulouse a participación activa das persoas e entidades potenciais destinatarias, a través dos trámites de audiencia e información públicas, así como a consulta directa aos interlocutores sociais, asociacións e entidades implicadas, as comunidades e cidades autónomas, incluído o seu exame na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, e as entidades locais a través da Federación Española de Municipios e Provincias, nos termos do artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de febreiro de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 219/2001, do 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social.*

O Real decreto 219/2001, do 2 de marzo, sobre organización e funcionamento do Consello para o Fomento da Economía Social, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Obxecto.*

O Consello para o Fomento da Economía Social configúrase como un órgano colexiado, asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social, integrado, a través do Ministerio de Traballo e Economía Social, na Administración xeral do Estado, sen participar da estrutura xerárquica desta. Actuará como un órgano de colaboración, coordinación e interlocución da economía social e a Administración xeral do Estado.»

Dous. Os números 1 e 3 do artigo 2 quedan redactados da seguinte forma:

«1. O Consello para o Fomento da Economía Social terá as funcións seguintes:

a) Emitir informe e colaborar na elaboración de proxectos sobre calquera disposición legal ou regulamentaria que afecten entidades da economía social.

b) Elaborar os informes que solicite o Ministerio de Traballo e Economía Social e demais departamentos ministeriais.

c) Emitir informe previo na elaboración e actualización do catálogo de entidades da economía social do Ministerio de Traballo e Economía Social.

d) Emitir informe sobre as estratexias e os programas de desenvolvemento e fomento da economía social.

e) Realizar estudos e informes sobre cuestións e problemas que afecten a economía social e, en especial, sobre o reforzo do coñecemento, presenza institucional e proxección internacional da economía social.

f) Velar pola promoción e o respecto aos principios orientadores recollidos no artigo 4 da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.

g) Emitir informe previo na adopción das medidas de información estatística das entidades de economía social.

h) Cantas outras funcións e competencias lle sexan atribuídas por disposicións legais e regulamentarias.»

«3. Enténdese por economía social o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios orientadores recollidos no artigo 4 da Lei 5/2011, do 29 de marzo, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.»

Tres. O artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Composición.*

1. O Consello estará composto por:

a) A Presidencia, desempeñada pola persoa titular da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social.

b) Vinte vogalías, con rango de director ou directora xeral, en representación da Administración xeral do Estado, coa distribución seguinte: dúas por cada un dos ministerios de Traballo e Economía Social; de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e de Agricultura, Pesca e Alimentación; e unha por cada un dos ministerios de Inclusión, Seguridade Social e Migracións; de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; de Facenda; de Industria, Comercio e Turismo; de Política Territorial e Función Pública; de Consumo; de Igualdade; de Universidades; de Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática; para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; de Educación e Formación Profesional, e de Sanidade.

c) Vinte vogalías das administracións autonómica e local, das cales, dezanove vogalías en representación de cada unha das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, e unha vogalía designada pola Federación Estatal de Municipios e Provincias, en representación das entidades locais.

d) Vinte vogalías en representación das entidades da economía social de ámbito estatal, na forma seguinte: dezaioito delas, por proposta das confederacións intersectoriais representativas de ámbito estatal, e as outras dúas, por proposta de entidades sectoriais maioritarias da economía social que non estean representadas polas confederacións intersectoriais anteriores.

e) Tres vogalías en representación de organizacións sindicais máis representativas de ámbito estatal.

f) Cinco vogalías designadas polo Ministerio de Traballo e Economía Social entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito da economía social, oídas as entidades da economía social a que se refire a letra d) deste número.

2. Cada vogalía do Consello, salvo as mencionadas na letra f) do número anterior, terá unha persoa suplente, que a substituirá nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal de imposibilidade de asistencia.

3. A Presidencia do Consello será substituída pola persoa titular da Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.

4. A Secretaría do Consello corresponderá á persoa titular da Subdirección Xeral da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas, ou á persoa

da mesma subdirección xeral que a substitúa nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal de imposibilidade de asistencia. A persoa que exerza a Secretaría actuará con voz e sen voto.

5. As vogalías do Consello e os seus suplentes serán nomeados pola persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social, por proposta dos respectivos departamentos ministeriais, comunidades autónomas e cidades autónomas, organizacións e entidades representadas. O seu cesamento producirase na mesma forma que o seu nomeamento.

6. A duración máxima do mandato das vogalías en representación das entidades da economía social de ámbito estatal e dos seus suplentes, das vogalías en representación de organizacións sindicais de ámbito estatal e dos seus suplentes, así como das vogalías designadas polo Ministerio de Traballo e Economía Social entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito da economía social será de catro anos. Estas vogalías poderán ser reelixidas nun segundo mandato.

7. A composición do Consello será paritaria en toda a súa estrutura. Garantirase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas designacións de cada unha das organizacións que compoñen o Consello que deba nomear máis dunha persoa representante. En ambos os casos, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.»

Catro. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«O Consello para o Fomento da Economía Social funcionará en Pleno e en Comisión Permanente. O Pleno do Consello reunirse, ao menos, dúas veces ao ano en sesión ordinaria e, de forma extraordinaria, cando así o acorde a Presidencia, por iniciativa propia ou por solicitude dun terzo dos seus membros. O Pleno do Consello poderá acordar o seu réxime de funcionamento e elaborará unha memoria anual, que será elevada á persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social.»

Cinco. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Comisión Permanente.*

1. No seo do Consello, e como órgano permanente para o exercicio das súas funcións e obxectivos relativos a asuntos de trámite, de preparación ou estudo, ou que lle sexan encomendados polo Pleno do Consello, establécese a Comisión Permanente do Consello, que terá a seguinte composición:

a) Presidencia: a do Consello e, por substitución, a persoa que teña a Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.

b) Tres vogalías en representación dos departamentos ministeriais, dúas en representación das comunidades e cidades autónomas, unha en representación das entidades locais, tres en representación das entidades da economía social de ámbito estatal, e unha vogalía en representación das organizacións sindicais de ámbito estatal.

c) Secretaría: a do Consello.

2. As persoas integrantes da Comisión Permanente serán designadas pola Presidencia, de entre as vogalías do Consello, por proposta de cada un dos grupos de representación a que se refire o artigo 3. Xunto a estas, poderán asistir con voz, pero sen voto, persoas expertas convocadas pola Presidencia, por suxestión dos grupos representados.

3. O réxime de funcionamento da Comisión Permanente responderá ás mesmas regras que se establecen para o Pleno do Consello.

4. A Comisión Permanente someterá ao Pleno do Consello a adopción de acordos que a este correspondan; en cada sesión ordinaria do Pleno do Consello, a Comisión Permanente renderá contas do desenvolvemento das súas funcións.»

Seis. Modifícase o artigo 12, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 12. *Adopción de acordos. Acta do Consello.*

1. Os acordos do Consello serán adoptados buscando o consenso ou, na súa falta, por maioría de votos dos membros presentes.

2. De cada sesión que celebre o Consello levantará acta a Secretaría, que especificará necesariamente as persoas asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebraron, os puntos principais das deliberacións, as intervencións para as que se solicitase expresa constancia en acta, así como o contido dos acordos adoptados e, se for o caso, o resultado das votacións e os votos particulares por escrito formulados, de se produciren.

Os membros do Consello poderán solicitar que conste en acta o seu voto contra o acordo adoptado, a súa abstención motivada ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, aqueles que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de dous días desde a adopción do acordo, que se incorporará ao texto aprobado.

As actas serán redactadas e asinadas pola Secretaría, co visto e prace da Presidencia, e aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión. Neste segundo caso xuntarase o correspondente texto da acta á convocatoria.

A Secretaría poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Os que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderán dirixirse á Secretaría do Consello para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos.

3. Calquera membro do Consello ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala a Presidencia o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención. Farao constar así na acta ou xuntará copia daquel.

4. En cumprimento do principio de transparencia na actuación dos poderes públicos, os acordos adoptados polo Consello terán carácter público.»

Sete. Engádesse un número 2 no artigo 13, pasando o parágrafo único até agora existente a constituír o número 1, do seguinte teor literal:

«2. Nos grupos de traballo poderán participar persoas expertas de recoñecido prestixio designadas para o efecto.»

Oito. Modifícase o título da disposición adicional única, que pasa a denominarse disposición adicional primeira, e queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional primeira. *Financiamento.*

Os créditos necesarios para o funcionamento do Consello consignaranse nos orzamentos do Ministerio de Traballo e Economía Social, sen que, en ningún caso, poida orixinarse aumento do gasto público.»

Nove. Engádesse unha nova disposición adicional segunda, do seguinte teor literal:

«Disposición adicional segunda. *Linguaxe non sexista.*

De conformidade co artigo 14.11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que establece como criterio xeral de actuación dos poderes públicos a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo, todas as referencias ao presidente e ao secretario do Consello

para o Fomento da Economía Social e, en particular, as contidas no presente real decreto, se entenderán feitas á Presidencia e a Secretaría, respectivamente.»

Dez. Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición derradeira primeira. *Normativa aplicable.*

No non previsto no presente real decreto será de aplicación o disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público».

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Traballo e Economía Social,  
YOLANDA DÍAZ PÉREZ